



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**DECRETO**

**Expediente FG Nº 618:**

Na Casa Consistorial de Oleiros, o Sr. Alcalde-Presidente, ÁNGEL GARCÍA SEOANE, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

RESULTANDO que se emitiu informe pola Coordinadora de servizos urbanísticos o 16 de outubro de 2020, do teor literal seguinte:

Polo arquitecto municipal emitiuse informe o 8 de outubro de 2020 co seguinte contido:

*“Con data 8 de agosto de 2017 por Resolución Nº 3138/17 deuse conformidade ó Documento Ambiental Estratéxico (nº 15043 de data 21.07.2017), comunicándose ó órgano ambiental a iniciación do proceso de avaliación e solicitando a emisión do Informe Ambiental Estratéxico (IAEs).*

*Con data 19.12.2017 e nº de rexistro de entrada 25211 achégase Resolución do 11.12.2017 da Dirección Xeral de Avaliación pola que se formula o IAEs.*

*O Informe Ambiental Estratéxico (IAEs) someteu o expediente ó trámite de consultas recibindo suxestións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral de Pesca e un escrito dun particular.*

*Se resolve ademais a necesidade de someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan Parcial do sector.*

*En consecuencia, por Resolución do 12.12.2017 formúlase o Documento de Alcance (DA) para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan Parcial do sector.*

*Con data 13 de xullo de 2018 e número de rexistro 13889, e 4 de decembro de 2018 preséntanse documentos do Plan Parcial e Estudio de Avaliación Ambiental Estratéxica que foron informados requirindo unha serie de emendas de documentación e correccións.*

*O último informe de requirimentos foi remitido ó Promotor con data 20 de marzo de 2019.*

*Con datas 10.10.2019 e 20.02.2020 fanse informes de requirimento para corrixir algúns aspectos e completar aspectos documentais.*

*Con data 21.04.2020 documento nº 04663 que corrixiu os aspectos requiridos tal e como se informou o 7 de maio de 2020.*

*Por outra banda o 25 de maio de 2020 entraron en vigor as Normas Técnicas de Planeamento urbanístico de Galicia (NTPUG) sen que se alcanzara a aprobación inicial, polo que este planeamento debe adaptarse a elas na súa totalidade.*





## CONCELLO DE OLEIROS

Ademais con data 11 de marzo de 2020 o Concello Pleno aprobou as novas porcentaxes de reserva de solo para vivendas colectivas libres con prezo taxado polo Concello, o que tamén require adaptalo documento ó devandito acordo.

Sendo así ditouse Resolución 2036/2020 requirindo ó promotor os citados axustes e a incorporación no Anexo 7 de Augas de Galicia da documentación completa remitida polo Concello o día 2 de marzo de 2020 acreditativa dos contratos que o Concello de Oleiros ten subscritos con EMALCSA, a certificación do director Xeral da EDAR BENS S.A. para a xestión do servizo de depuración.

O documento agora presentado se adapta documentalmente as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NTPUG). Se ben deberá mellorarse a representación nos planos xa que falta información nos planos de zonificación que constaba no documento anterior e agora non se explicita: Superficie das zonas de ordenanza, edificabilidade en m<sup>2</sup> e en m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

A fonte dos textos produce algúns problemas de lectura nos planos de ordenación, e deberá estar sempre visible a base topográfica.

Ademais no soporte dixital, ficheiros editables faltan múltiples referencias para poder visualizar correctamente os planos de información en formato dwg.

Ademais fai un reaxuste do reparto dos usos conforme as novas porcentaxes de reserva de solo para vivendas colectivas libres con prezo taxado polo Concello, conforme ó aprobado polo Concello Pleno con data 11 de marzo de 2020, así como copias de facturas de EMALCSA nas que constan os números dos contratos subscritos polo Concello de Oleiros (nº 192.162, nº109.391 e nº 205.876).

**En relación con este documento infórmase o seguinte:**

### **1.- SUFICIENCIA DAS DETERMINACIÓNS INCLUIDAS.**

**De acordo co artigo 68 da Lei 2/2016 e 162 do D143/2016 (regulamento da Lei 2/2016) o Plan Parcial debe conter como mínimo as seguintes determinacións:**

#### **A.- DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DE PLANEAMENTO.**

O ámbito delimitado no documento ten unha superficie bruta do sector de 98.871,14 m<sup>2</sup> fronte ós 99.677,00 m<sup>2</sup> estimados no Plan Xeral aprobado. Este fixaba unha superficie de sistemas xerais adscritos no parque Metropolitano de Liáns de 23.400 m<sup>2</sup>. A delimitación real do sistema xeral adscrito é de 25.349,31 m<sup>2</sup>.

Deste xeito a superficie do sector é de 98.871,74 m<sup>2</sup> e os sistemas xerais adscritos son 25.349,31 m<sup>2</sup>.

No plano PINFS 01TOPO. se recolle a delimitación do sector sobre plano topográfico a escala 1/1000. Deberá axustarse a edición dos planos PINF-02ORD 2 e PINF 02CATASTRO 2 no cal se debe graficar as superficies dos camiños públicos de titularidade municipal e os 423,49 m<sup>2</sup> da dotación existente que se mantén da AC-190.





## CONCELLO DE OLEIROS

### **B.- CUALIFICACIÓN DOS TERREOS:**

*Asignación detallada de O documento do plan parcial establece os usos pormenorizados, tipoloxías e niveis de intensidade de cada zona.*

### **C.- RESERVAS DE TERREOS PARA DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.**

*As reservas compren tanto cos mínimos exixidos polo artigo 42 da Lei 2/2016 como cos anteriores estándares do artigo 47 da lei 9/2002 que estaba en vigor no momento de aprobación do planeamento Xeral e que polo tanto son igualmente exixibles.*

### **D.- TRAZADO E CARACTERÍSTICAS DA REDE DE COMUNICACIÓNS E ENLACE CO SISTEMA XERAL DE COMUNICACIÓNS.**

*Defínense no Plan Parcial os trazados das redes e enlaces cos sistemas xerais previstos.*

*Recóllense nos planos de ordenación a posición das liñas de servidume e afección das estradas AC-190, DP5810. Deberán completarse estas liñas no plano INFS 04IOT AFEC.*

*O Plan Xeral determina a obriga de que “a ordenación dará continuidade o sistema viario proposto en solo urbano, pormenorizando o trazado da variante de Santa Cruz dende a rúa Casares Quiroga ata a rúa da Ferrala que deberá ser executada á súa costa.”*

*Isto supón completar a conexión viaria ata a rúa da Ferrala sobre as parcelas catastrais 3591806NH5939S e 3591807NH5939S.*

*O mesmo lle é de aplicación ó completamento da sección sobre a parcela catastral 15059A016000240000TS no enlace coa Avenida de Isaac Díaz Pardo.*

*O documento presentado inclúe esta actuación tanto a nivel de ordenación como de avaliación económica e obtención dos terreos con cargo ó sector polo sistema de expropiación.*

### **E.- CARACTERÍSTICAS E TRAZADO DAS REDES DE SERVIZOS.**

*No Plan Parcial, apartado 3.4 da Memoria xustifícase a capacidade dos sistemas xerais de infraestruturas para dar servizo ó sector e se fai unha descrición xeral das redes previstas.*

*No apartado de abastecemento de auga tense en conta os informes de SERGESCO de data 15.10.2018 e 28.11.2019 e dáse cumprimento ó neles requirido.*

*A solución coincide coa proposta informada por SERGESCO. A rede descrita no documento está recollida no plano PORD\_03SLIS\_1.*

*É importante lembrar que a proposta de SERGESCO de viabilidade de subministro conta coa mellora prevista no sistema Xeral de Abastecemento de Oleiros co futuro abastecemento directo do depósito de Sarro dende a ETAP da Telve e o seu aumento de capacidade.*





## CONCELLO DE

## OLEIROS

O Concello xa cedeu os terreos de Sarro precisos para a ampliación dos depósitos, ampliación de capacidade que está pendente de execución.

O responsable de servizos municipal informa que el proxecto de dita ampliación e abastecemento do depósito de Sarro está sendo redactado por EMALCSA.

A execución e posta en funcionamento desta obra é necesaria para poder garantir o abastecemento de auga ó sector.

### **F) DETERMINACIÓNS NECESARIAS PARA A INTEGRACIÓN DA NOVA ORDENACIÓN COS ELEMENTOS VALIOSOS DA PAISAXE E DA VEXETACIÓN.**

Recóllese no apartado 2.4 da memoria do Plan Parcial describindo as determinacións de ordenación adoptadas para a integración da paisaxe.

### **G) MEDIDAS PARA A CONEXIÓN COS SISTEMAS XERAIS EXTERIORES EXISTENTES AMPLIACIÓN OU REFORZO. ENLACES COAS ESTRADAS E REDES DE SERVIZOS.**

Consta informe do inspector de infraestruturas de datas 15.10.2018 e 28/10/2019 considerando correctos os puntos de vertido. O primeiro dos informes fai cita do informe de SERGESCO de data 02.10.2018.

Expón a necesidade de substituír o colector existente na rúa Casares Quiroga pola súa antigüidade e material empregado (formigón e fibrocemento). Este aspecto se recolle no presente documento.

Consta informe de SERGESCO do día 02.10.2018 (xa citado) definindo unha serie de accións necesarias de reforzo do sistema xeral de abastecemento para poder dar servizo a este sector. Lémbrese de novo a necesidade de mellora prevista no sistema Xeral de Abastecemento de Oleiros co futuro abastecemento directo do depósito de Sarro dende a ETAP da Telva e o seu aumento de capacidade.

Consta informe de Nedgia (gas Natural) que se limita a observar que no sector non se afecta a rede de gas algunha.

Consta informe de "R Cable y Telecomunicaciones Galicia" que mostra a disposición de dar servizo na zona , e achega plano coas canalizacións existentes.

Consta informe de Unión Fenosa en canto a súa disposición de atender a demanda e informará a suficiencia das infraestruturas cando se presente unha solicitude de subministro, que deberá ser realizada.

O documento presentado da continuidade o sistema viario proposto en solo urbano, pormenorizando o trazado da variante de Santa Cruz dende a rúa Casares Quiroga ata a rúa da Ferrala estando avaliada a execución a súa costa.

### **H) ORDENACIÓN DETALLADA DOS SISTEMAS XERAIS INCLUÍDOS E ADSCRITOS.**

O sistema xeral adscrito forma parte do ZV-5 Parque Metropolitano de Liáns, que cualifica estas parcelas como parque forestal extensivo.





## CONCELLO DE

## OLEIROS

*O sistema xeral interior se corresponde coa reserva de viario que forma parte da proposta da Circunvalación de Santa Cruz.*

*O Plan Xeral ademais determina a obriga de completar esta conexión viaria ata a rúa Ferrala sendo estas obras de conexión a costa do sector (Tanto urbanización como obtención do solo).*

### **J) AVALIACIÓN ECONÓMICA DA IMPLANTACIÓN DOS SERVIZOS E DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN, INCLUÍNDO A CONEXIÓN ÓS SISTEMAS XERAIS E AS OBRAS DE AMPLIACIÓN OU REFORZO DELES.**

*Defínese no Plan Parcial no Apartado 5, Estudio económico e financeiro.*

### **2.- CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS DE PLANEAMENTO.**

*O plan xeral no artigo 61 recolle as determinacións para este sector SUD-4.*

#### **DELIMITACION.**

*O ámbito delimitado no documento ten unha superficie bruta do sector de 98.871,14 m<sup>2</sup> fronte ós 99.677,00 m<sup>2</sup> estimados no Plan Xeral aprobado. Este fixaba unha superficie de sistemas xerais adscritos no parque Metropolitano de Liáns de 23.400 m<sup>2</sup>. A delimitación real do sistema xeral adscrito é de 25.349,31 m<sup>2</sup>.*

*Deste xeito a superficie do sector é de 98.871,74 m<sup>2</sup> e os sistemas xerais adscritos son 25.349,31 m<sup>2</sup>.*

*Resulta así unha superficie bruta total de 124.221,05 m<sup>2</sup> fronte ós 123.077,0 m<sup>2</sup> do PXOM.*

*No interior do sector cóntase unha superficie de 2.290 m<sup>2</sup> de viario público e 423,49 m<sup>2</sup> de dotación viaria a manter da AC-190.*

*En aplicación do artigo 174.4 do D143/2016 inclúese plano do ámbito no que se recolle a delimitación do sector.*

*A diferenza de superficie do sector entre o previsto polo Plan Xeral (123.077,0 m<sup>2</sup>) e a delimitación do Plan Parcial (124.221,05 m<sup>2</sup>) é dun 0,929% sen alcanzalo límite do 10% establecido nos artigos 157 e 158.*

*Inclúese na superficie do sector a dos camiños públicos cunha superficie segundo o levantamento topográfico e duns 2.290,0 m<sup>2</sup>. Esta superficie xera aproveitamento xa que se computa dentro da superficie da área de reparto.*

*Comprobada dita superficie sobre o plano PINF\_02CATASTRO\_2 de delimitación, obsérvase que coincidindo o perímetro total do sector cos 98.871,14 m<sup>2</sup>, superficie dos viarios públicos acada tan só 1.688,45 m<sup>2</sup> dos que aproximadamente 1.264,93 m<sup>2</sup> serían municipais e 423,49 m<sup>2</sup> serían da estrada AC-190. Os 423,49 m<sup>2</sup> de superficie da AC-190 que se manteñen na nova ordenación exclúense da superficie da área de reparto quedando esta en 123.797,56 m<sup>2</sup>. Deberán recollese no plano de información as superficies dos camiños públicos de titularidade municipal e os 423,49 m<sup>2</sup> da dotación existente que se mantén da AC-190.*





## CONCELLO DE

## OLEIROS

Resta así unha superficie neta excluída as dotacións públicas existentes que se manteñen de 98.448,25 m<sup>2</sup> polo que a edificabilidade do sector será:

$$98.448,25 \text{ m}^2 \times 0,65 \text{ m}^2/\text{m}^2 = 63.991,36 \text{ m}^2.$$

Na seguinte táboa compáranse os parámetros definidos polo Plan Xeral cos propostos no documento do Plan Parcial, comprobándose o seu cumprimento:

Parámetros	Previsión Plan Xeral	Plan Parcial
Superficie Sector	99.677,00 m <sup>2</sup>	98.871,14m <sup>2</sup>
Superficie excluída sistemas xerais viarios existentes	----- m <sup>2</sup>	98.448,25 m <sup>2</sup>
Densidade de referencia	45 viv/ha	442 viv , 44,90 viv/Ha
Edificabilidade bruta	0,65 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	63.991,36 m <sup>2</sup> 0,65 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Aproveitamento tipo	0,475 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> <i>Segundo acordo Pleno de do 9 de xullo de 2014 de axuste da porcentaxe de reserva</i>	0,46603891 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Alturas	Colectiva en B + 3	Colectiva en B+3
	Unifamiliar en B + 1	Unifamiliar en B + 1
<i>Sistemas xerais interiores</i>		
Eixe transversal + Circunvalación Santa Cruz	7.860 m <sup>2</sup>	9.759,60 m <sup>2</sup>
<i>Sistemas Xerais Adscritos</i>		
ZV-5 Parque Metropolitano de Liáns.	23.400 m <sup>2</sup>	25.349,31 m <sup>2</sup>

O reparto de usos previsto polo Plan Xeral é o seguinte:

Vivenda colectiva libre: 31.53%

Vivenda colectiva de protección: 13,47%.

Vivenda unifamiliar 30%.





## CONCELLO DE OLEIROS

*Uso terciario: 25%*

*Polo tanto o porcentaxe de cada uso referido ao 100% será, tendo en conta o axuste das porcentaxes de reserva de solo para vivendas colectivas libres con prezo taxado polo Concello, conforme ó aprobado polo Concello Pleno con data 11 de marzo de 2020.*

<i>Uso</i>	<i>% uso segundo Plan Xeral</i>	<i>% uso Plan Parcial</i>	<i>m<sup>2</sup> edificabilidade</i>
<i>Vivenda colectiva</i>	<i>36,38 %</i>	<i>36,27 %</i>	<i>23.212,33</i>
<i>Vivenda colectiva de protección</i>	<i>8,62 %</i>	<i>8,73 %</i>	<i>5.583,33</i>
<i>Vivenda unifamiliar</i>	<i>30,00 %</i>	<i>30,00 %</i>	<i>19.197,41</i>
<i>Terciario</i>	<i>25,00 %</i>	<i>25,00 %</i>	<i>15.997,84</i>
<i>TOTAIS</i>	<i>100 %</i>	<i>100%</i>	<i>63.991,36</i>

*A distribución proposta de usos garante o mínimo esixido para a vivenda de protección e se axusta a o reparto proposto polo Planeamento.*

*Os coeficientes de ponderación de referencia para os usos particulares que constan na Memoria do Plan para o Distrito:*

- . Vivenda colectiva: 1,00*
- . Vivenda colectiva de protección: 0,70*
- . Vivenda unifamiliar: 0,85*
- . Terciario edif. exclusiva: 0,95*

*Con estes coeficientes resulta unha edificabilidade expresada en m<sup>2</sup> de uso característico de vivenda colectiva:*

*Este aproveitamento e a adscrición de sistemas xerais produce un aproveitamento tipo de 0.47365 m<sup>2</sup> / m<sup>2</sup> lixeiramente inferior o previsto segundo acordo Pleno de do 11 de marzo de 2020 de axuste da porcentaxe de reserva conforme co aproveitamento tipo previsto polo Plan Xeral.*

<i>Determinación</i>	<i>Grado de cumprimento</i>
----------------------	-----------------------------





## CONCELLO DE

## OLEIROS

<i>No seu desenvolvemento a ordenación dará continuidade o sistema viario proposto en solo urbano, pormenorizando o trazado da variante de Santa Cruz dende a rúa Casares Quiroga ata a rúa da Ferrala que deberá ser executada á súa costa. Igualmente disporá parte do sistema local de espazos libres no contorno do rego da Fonte do Espiño tal e como se indica en planos de ordenación.</i>	<i>Dáse continuidade o sistema viario incluíndo a variante de Santa Cruz e chegando na conexión ata a rúa Ferrala.</i>  <i>Dispóñense parte dos sistema local de espazos libres no contorno da Fonte do Espiño.</i>
---	---

### **3.- RESERVAS DE DOTACIÓNS polo artigo 42 da Lei 2/2016 como cos anteriores estándares do artigo 47 da lei 9/2002.**

#### **C.1.- ESPAZOS LIBRES, PARQUES E XARDÍNS:**

*Para ámbitos residenciais será de 18 m<sup>2</sup>/ 100m<sup>2</sup> edificables e como mínimo o 10% da superficie total do ámbito.*

*Reserva mínima: 18/100 x 63.991,36 m<sup>2</sup> = 11.518,44 m<sup>2</sup>*

*no menor de 10%x 98.871,14 = 9.887,11 m<sup>2</sup>.*

*O presente plan parcial reserva 16.464,74 m<sup>2</sup>, que superan o mínimo obrigado de 11.518,44 m<sup>2</sup>.*

*As zonas reservadas compren coas condicións exixidas no D143/2016 para a súa consideración.*

#### **C.2.- RESERVA PARA EQUIPAMENTOS PÚBLICOS.**

*A reserva para equipamentos públicos debe ser para ámbitos residenciais de 10 m<sup>2</sup> de solo por cada 100 m<sup>2</sup> edificables, e dicir 63.991,36 x 10/100 = 6.399,14 m<sup>2</sup>.*

*A reserva do plan parcial é nas parcelas EQ-1 e EQ-2 cun total de 6.451,97 m<sup>2</sup> polo que se cumpre coa reserva requirida.*

#### **C.3.- PRAZAS DE APARCADOIRO DE VEHÍCULOS.**

*Conforme a Lei 2/2016 a reserva é de unha praza de aparcadoiro por cada 100 m<sup>2</sup> edificables, das cales, como mínimo, a cuarta parte debe ser de dominio público (artigo 42.2.c) da LSG).*

*Segundo a Lei 9/2002 a reserva mínima é de 2 prazas por cada 100 m<sup>2</sup> edificables, das cales, como mínimo, a cuarta parte para o uso residencial e 1/5 para o uso terciario debe ser de dominio público.*

*Segundo este estándar a reserva mínima sería:*

*2/100 x 47.993,52 = 960 prazas, 1/4 son 240 prazas.*

*2/100 x 15.997,84 = 320 prazas, 1/5 son 64 prazas.*







## **CONCELLO DE OLEIROS**

*TOTAL 304 prazas.*

*A ordenación proposta reserva un total de 363 prazas en vía pública cumprindo a reserva exigida. Destas prazas prevese que 10 delas sexan adaptadas.*

### **4.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS.**

*O Plan Parcial cumpre coas esixencias do Decreto 35/2000 que permanece en vigor en tanto non se desenvolva regulamentariamente a Lei 10/2014 de accesibilidade.*

*Xustifícase o cumprimento no apartado 5.5. da Memoria.*

*O Plan Parcial cumpre igualmente coa Orde VIV/2010 de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.(BOE de 11-03-2010)*

*Xustifícase o cumprimento no apartado 5.6 da Memoria.*

### **5.- CUMPRIMENTO DAS DIRECTRICES DE ORDENACION TERRITORIAL (DOT).**

*En cumprimento da determinación 10.1.18. das DOT, inclúese unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) para garantir a coherencia da planificación como Anexo VI do Estudo de Avaliación Ambiental Estratéxica.*

### **6.- CUMPRIMENTO DO PLAN DE ORDENACION DO LITORAL (POL)**

*Este sector de solo urbanizable SUD-4 ten recollido no Plan de Ordenación do Litoral un grado de compatibilidade 2 xa que se trata dun solo urbanizable delimitado dun plan xeral adaptado á Lei 9/2002.*

*De acordo co artigo 98 da Normativa do POL, a adaptación do plan parcial as determinacións do POL e voluntaria.*

*O sector atópase dentro da zona de ordenación do POL. Na parte sur a zona verde prevista polo plan Xeral e en consecuencia recollida no Plan Parcial, superponse sobre a o corredor ecolóxico do rego de Bastiaqueiro.*

*Enténdese en todo caso que o Plan Parcial cumpre coas determinacións e obxectivos contidos no POL polo que se considera adaptado ao mesmo, tal e como se xustifica no apartado 3.6 da Memoria do documento.*

### **7.- ORDENANZAS.**

*No artigo 10 de Condicións xerais da edificación, se recolle a obriga de adaptarse ós criterios e directrices técnicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos da Guía de Cores e Materiais de Galicia.*

*No artigo 15, redúcese ó 5% a superficie máxima ocupada por elementos permanentes cubertos nos espazos libres; isto de acordo co artigo 70 do Regulamento da Lei de Solo de Galicia.*





## CONCELLO DE OLEIROS

*Axústase o contido das ordenanzas de acordo cos requirimentos feitos, en concreto nos artigos 16 e 21.*

### **8.- CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS FEITAS NO DOCUMENTO DE ALCANCE DO TRÁMITE AMBIENTAL:**

*En relación co citado Documento de Alcance (DA) e coas consideracións requiridas para a integración dos aspectos ambientais e de sustentabilidade, infórmase o seguinte:*

*- PAISAXE: Incorpórase como Anexo I do Estudio de Avaliación Ambiental Estratéxica un Estudio Paisaxístico que ten en consideración o requirido no DA, integración harmónica das actuacións no territorio, eliminación das rotondas propostas no límite sur na zona verde, emprego nos camiños e áreas de lecer dos espazos verdes pavimentos naturais integrados na contorna e en todo caso, de alta permeabilidade, máximo respecto á vexetación natural da contorna do rego de Bastiaqueiro.*

*PATRIMONIO NATURAL: Inclúense previsións para evitar a expansión de especies exóticas invasoras.*

*Axústase a posición dos bloques das zonas RC-4 e RC-5 con respecto ó anterior documento para non afectar á vexetación de ribeira do corredor ecolóxico do Rego.*

#### **PATRIMONIO CULTURAL:**

*No apartado 3.2 da Memoria se resume o resultado e conclusión das prospección feita e autorizada por Patrimonio con data 04.04.2018 en expediente 03.H.959.2018.001, que acredita a inexistencia no ámbito de bens integrantes do patrimonio cultural. No Anexo III do Estudio de Avaliación Ambiental Estratéxica inclúese completo o Estudio de Impacto Arqueolóxico realizado.*

#### **CICLO HÍDRICO:**

*Tívoise en conta o informe de SERGESCO en canto as redes interiores do sector e conexión coa rede xeral de abastecemento.*

*en relación coa dispoñibilidade de recursos hídricos e capacidade dos servizos existentes e medidas necesarias para deixar garantido o abastecemento de auga, saneamento e xestión das pluviais*

*Tal e como se informou anteriormente a viabilidade do abastecemento de auga ven condicionado pola execución do Proxecto de mellora prevista no sistema Xeral de Abastecemento de Oleiros co futuro abastecemento directo do depósito de Sarro dende a ETAP da Telva e o seu aumento de capacidade.*

*O Concello xa cedeu os terreos de Sarro precisos para a ampliación dos depósitos, ampliación de capacidade que está pendente de execución.*





## CONCELLO DE

## OLEIROS

*O responsable de servizos municipal informa que el proxecto de dita ampliación e abastecemento do depósito de Sarro está sendo redactado por EMALCSA.*

*A execución e posta en funcionamento desta obra é necesaria para poder garantir o abastecemento de auga ó sector.*

### **MOBILIDADE:**

*Inclúese no Anexo 2 do plan parcial, unha análise da mobilidade no ámbito de influencia do Plan.*

### **ATMÓSFERA, ENERXÍA E CICLO DE MATERIAIS:**

*Tómanse medidas para mitigar os efectos na atmosfera: plantación de arborado, redución de contaminantes, mellora na eficiencia,... Análise de ruídos (anexo IV do IAEs), ...*

### **9.- CONSERVACIÓN DA URBANIZACIÓN:**

*No artigo 22 da Normativa, no apartado de Normas de Urbanización se regula a conservación da urbanización, en primeiro tempo pola Xunta de Compensación, e logo do prazo de garantía en Entidade urbanística de Conservación. Dita entidade constituirá aval por danos é, salvo Convenio co Concello, non se disolverá ata a edificación dos soares e reposición da capa de rodadura e posibles danos.*

### **10.- CUMPRIMENTO DE CONDICIÓN DO INFORME DO SUPERVISOR DE PARQUES E XARDÍNS DE DATA 16.12.2019.**

*O documento recolle as exixencias e observacións do informe do supervisor de parques e xardíns de data 16.12.2019.*

### **CONCLUSIÓN:**

*Visto o anterior, infórmase que o documento presentado con nº de rexistro de entrada 04663 do 21.04.2020:*

- *Cumpre co contido documental esixido polos artigos 68 da Lei 2/2016 e Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da lei do solo de Galicia.*
- *Cumpre coas determinación fixadas polo Plan Xeral.*
- *Cumpre coas reservas de dotacións do artigo 42 da Lei 2/2016 e cos anteriores estándares do artigo 47 da lei 9/2002.*
- *Cumpre coa normativa de accesibilidade e supresión de Barreiras arquitectónicas.*
- *Xustifícase no anexo VI do EAAEs o cumprimento das Directrices de Ordenación Territorial na análise de compatibilidade estratéxica (ACE) para garantila coherencia da planificación.*
- *Na Memoria, apartado 3.6 xustifícase a adaptación as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral (POL).*





## CONCELLO DE OLEIROS

### NECESIDADE DE INFORMES SECTORIALES:

Conforme ó Regulamento de Planeamento, Anexo II, táboa 2, tras a aprobación inicial deberán solicitarse neste caso os seguinte informes:

Da administración do Estado:

- *Informe da Delegación do Goberno.* (Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas; artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural).
- *Informe da confederación hidrográfica de Galicia-costa.* (Artigo 25.4 do RDL 1/2001, da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, texto refundido da Lei 2/2016)
- *Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.* (Artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións).
- *Informe da Axencia Galega de Infraestruturas pola estrada AC-190.* (Artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014).
- *Informe de Augas de Galicia.* (Artigo 39 Lei 9/2010 de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014)
- *Informe da Deputación Provincial pola estrada DP-5810.* (Artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014).
- *Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.* (Artigo 14 do Decreto 20/2011, de aprobación do POL).
- *Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.* (Artigo 14 do Decreto 20/2011, de aprobación do POL, e artigo 50 da Lei 12/2014).

En relación co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural este resulta necesario salvo cando se certifique pola administración municipal “a constancia da inexistencia de bens integrantes no patrimonio cultural de Galicia” baseado en informes previos con antigüidade inferior a 5 anos, da consellería competente.

Neste ámbito, o Plan Xeral aprobado definitivamente no ano 2014 e informado por dita consellería, non recolle no interior do ámbito ningún ben integrante do patrimonio cultural nin ningún ben incluído no Catálogo do Plan Xeral. Ademais incorpórase como Anexo 4, “Memoria de estudio, catálogo e avaliación do impacto sobre el patrimonio cultural do Plan Parcial” que tras análise detallado conclúe coa inexistencia de risco de afección sobre o Patrimonio Cultural.

Por este motivo non parece preciso informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Lémbrese que a execución do proxecto de mellora prevista no sistema Xeral de Abastecemento de Oleiros co futuro abastecemento directo do depósito de Sarro dende a ETAP da Telva e o seu aumento de capacidade, resulta necesaria para poder garantir o abastecemento de auga ó sector.

Infórmase o documento favorablemente coas seguintes condicións a mellorar logo da aprobación inicial:





## CONCELLO DE

### OLEIROS

- *En relación coa adaptación documental as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NTPUG). Se ben deberá mellorarse a representación nos planos xa que falta información nos planos de zonificación que constaba no documento anterior e agora non se explicita: Superficie das zonas de ordenanza, edificabilidade en m<sup>2</sup> e en m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.*

*A fonte dos textos produce algúns problemas de lectura nos planos de ordenación, e deberá estar sempre visible a base topográfica.*

*Ademais no soporte dixital , ficheiros editables faltan múltiples referencias para poder visualizar correctamente os planos de información en formato dwg.*

- *No plano PINFS\_01TOPO. se recolle a delimitación do sector sobre plano topográfico a escala 1/1000. Deberá axustarse a edición dos planos PINF-02ORD\_2 e PINF\_02CATASTRO\_2 no cal se debe grafiar as superficies dos camiños públicos de titularidade municipal e os 423,49 m<sup>2</sup> da dotación existente que se mantén da AC-190.*
- *Deberán completarse a posición das liñas de servidume e afección das estradas AC-190, DP5810 no plano INFS\_04IOT\_AFEC.*
- *Deberán recollese no plano de información PINF\_02CATASTRO\_2 as superficies dos camiños públicos de titularidade municipal e os 423,49 m<sup>2</sup> da dotación existente que se mantén da AC-190.”*

### LEXITIMIDADE PARA A PRESENTACIÓN DO PLAN PARCIAL

O planeamento urbanístico (artigo 3 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia) é un dos aspectos da actividade urbanística e aínda que a súa formulación, tramitación e xestión corresponde ás administracións urbanísticas competentes (Xunta e Concello) estas haberán de asegurar a participación das persoas interesadas e da cidadanía en xeral (artigo 2.4 da Lei do Solo de Galicia) e mesmo a Administración poderá suscitar a iniciativa privada para o mellor cumprimento dos fins e obxectivos do planeamento urbanístico podendo celebrarse convenios urbanísticos con particulares coa finalidade de establecer os termos de colaboración para o mellor e eficaz desenvolvemento da actividade urbanística (artigo 2.3 da LSG).

O artigo 42 sobre o réxime do solo urbanizable do decreto 143/2016 establece que “os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao concello a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no Plan xeral de ordenación municipal, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa está ordenado directamente no plan xeral (artigo 28.1 da LSG).”

O artigo 160 sobre a formulación dos plans de desenvolvemento de iniciativa particular dispón que “os particulares poderán formular e elevar á Administración competente para a súa tramitación, os plans parciais, plans especiais e estudos de detalle que se redacten en desenvolvemento do plan xeral.” Non obstante o artigo 185 da mesma disposición require que





## CONCELLO DE

## OLEIROS

os plans parciais poderán ser formulados polos particulares sempre que estean lexitimados para facelo, e para iso deben cumprir co establecido nos artigos 159 e 160, é dicir, deberán presentar un documento en que se acrediten fidedignamente as determinacións en relación a obriga de conservación da urbanización e a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50 % da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

O PXOM de Oleiros establece para este sector o sistema de cooperación, con todo, previa tramitación a instancia da COMISIÓN XESTORA DO SECTOR SUD-4, titular maioritario dos terreos do ámbito, e por Resolución nº 2017001795, aprobouse o cambio de sistema de actuación de cooperación a compensación. Polo tanto, a COMISIÓN XESTORA DO SECTOR SUD-4 é a promotora do desenvolvemento urbanístico do SUD-4.

### TRAMITACIÓN

O 11 de decembro de 2017 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu someter ao PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA o Plan Parcial do Sector de solo urbanizable delimitado SUD-4.

En cumprimento do artigo 185 do Decreto 143/2016 que dispón que antes de iniciar a tramitación do plan parcial ou do plan especial, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes, o documento incorpora no ANEXO 7 devanditos informes emitidos polas compañías subministradoras.

A disposición final primeira do Real Decreto 297/2013, do 26 de abril, (publicado no BOE núm. 118 do 17 de maio de 2013) modifica a disposición final segunda do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, e obriga a remitir ao Ministerio de Fomento os proxectos de plans ou instrumentos de ordenación urbanística ou territorial, así como as súas revisións ou modificacións, incluído o planeamento de desenvolvemento (apartado 5 da disposición final segunda). Consta no ANEXO 4 informe favorable sobre servidumes aeronáuticas da Dirección Xeral Aviación Civil de data 30 de maio de 2018 con condicións que deberán incorporarse na normativa.

A efectos da lei de protección de datos deberán eliminar do documento presentado a documentación relativa a certificacións catastrais que conformasen o ANEXO 6, editando separadamente un documento a modo de ANEXO XUSTIFICATIVO DE TITULARIDADES que non será obxecto nin de remisión nin de publicación no Rexistro de Plan unha vez aprobado definitivamente o Plan Parcial.

En relación ao Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, resulta necesario, salvo cando se certifique pola administración municipal “a constancia da inexistencia de bens integrantes no patrimonio cultural de Galicia, baseada en informes previos, cunha antigüidade inferior a 5 anos, da consellería competente”. A estes efectos, o Plan Xeral aprobado definitivamente no ano 2014 e informado pola Consellería de Cultura, non recolle no interior do ámbito ningún ben integrante do patrimonio cultural nin ningún ben incluído no Catálogo do plan Xeral.





## CONCELLO DE OLEIROS

O informe de prospección arqueolóxica do 13.03.2020 emitido por ZETA ARQUEOLOXIA e incluído no Estudo de Avaliación Ambiental Estratéxica, conclúe que *“tras finalizar os traballos de prospección non se localizaron elementos do Patrimonio Cultural dentro do ámbito delimitado para este Plan, polo que non é necesario definir cautelas ou medidas especiais de protección para a súa execución. As características do Plan parcial e a súa situación con respecto aos elementos, fai que as obras para executar non supoñan risco de afección sobre o Patrimonio Cultural”*

### PROCEDEMENTO:

*DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*

*Artigo 186. Procedemento de aprobación dos plans parciais e plans especiais*

*1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento:*

*a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (artigo 75.1.a) da LSG).*

*A Administración municipal deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente.*

*Respecto dos informes sectoriais aos cales se fai referencia neste punto e no punto seguinte, no anexo II recóllese unha listaxe dos ditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.*

*b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 75.1.b) da LSG).*

*c) Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública (artigo 75.1.c) da LSG).*

*d) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente (artigo 75.1.d) da LSG). [...]*

*2. No suposto dos plans parciais e plans especiais que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, en virtude do disposto no artigo 46.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 81.1 deste regulamento, seguirase o procedemento establecido no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 144 deste regulamento, puntos 2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12 (artigo 75.2) da LSG).*

*Para tal efecto, terase en conta o seguinte:*

*a) Enténdese que os trámites que, nos citados artigos 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e artigo 144 deste regulamento, deben ser realizados polo concello como promotor do plan, ao tratarse da*





## CONCELLO DE OLEIROS

*tramitación do plan xeral, no caso dos plans parciais e especiais, deberán ser realizados polo promotor do plan, segundo o caso.*

*b) En referencia ao punto 3, o promotor presentará ante o concello a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica xunto coa documentación establecida no dito punto, e será o concello quen dea traslado desta ao órgano ambiental.*

*c) En coherencia co establecido no número seguinte, só será preceptiva a consulta ao órgano competente en materia de urbanismo prevista no punto 4 do artigo 144, no suposto de plans especiais non previstos no plan xeral e de plans especiais de protección que conteñan a ordenación detallada do solo urbano consolidado.*

*d) A consulta ás empresas ou entidades titulares dos sistemas de infraestruturas de servizos non será precisa cando estes tivesen emitido informe ao respecto na fase de formulación do plan.*

*e) Os criterios aos cales se fai referencia no punto 12 respecto do plan xeral de ordenación municipal entenderanse referidos ás determinacións dos plans parciais e especiais. [...]*

*4. A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderalle ao órgano municipal competente (artigo 75.4 da LSG).*

*En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionados á súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 deste regulamento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña para tal efecto, a lexislación vixente en materia de réxime local.*

*Sen prexuízo do indicado, o acordo de aprobación definitiva notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles tivese notificado a aprobación inicial deste, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.*

*Artigo 144. Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal*

*[...] 5. O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo aos criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultados deste elaborará a versión inicial do plan (artigo 60.5 da LSG). [...]*

*8. O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente (artigo 60.8 da LSG).*

*9. Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo (artigo 60.9 da LSG).*

*O expediente de avaliación ambiental estratéxica completo estará constituído pola proposta final do plan, o estudo ambiental estratéxico, o resultado da participación pública e consultas, así como por un documento resumo que describa como se integraron na proposta final do plan os aspectos ambientais, o estudo ambiental estratéxico, a súa adecuación ao documento de alcance e o resultado das consultas realizadas e como estas se formaron en consideración.*

*10. O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste*







## CONCELLO DE

### OLEIROS

*suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica (artigo 60.10 da LSG).*

*Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o concello non remitiu o expediente reparado, ou se unha vez presentado, for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica e notificará ao concello promotor e á consellería competente en materia de urbanismo a resolución de terminación (artigo 60.10 da LSG).*

*11. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental (artigo 60.11 da LSG).*

*No que respecta á vixencia e ao procedemento de modificación da declaración ambiental estratéxica, aplicarase o disposto na normativa ambiental.*

*12. Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro e no artigo 199.2 deste regulamento, e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan (artigo 60.12 da LSG).*

*No caso de que se introduzisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública (artigo 60.12 da LSG).*

*Esta circunstancia deberá ser obxecto de informe do secretario municipal con carácter previo ao acordo plenario correspondente."*

Considerando que o artigo 21.1.j) da Lei de Bases de Réxime Local establece a competencia do Alcalde para "as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización", e o artigo 22.1.c) establece a competencia do Pleno para a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos, procede que se dite **RESOLUCIÓN** do Alcalde co seguinte contido:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-4 (Documento R.E. Nº 2020009265 do 20.07.2020) e o ESTUDO DE AVALIACION AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-4 (Documento R.E. Nº 2020004663 do 21.04.2020) coas seguintes condicións:

- Eliminar do documento o relativo a certificacións catastrais, que conformarán un documento aparte a modo de ANEXO XUSTIFICATIVO DE TITULARIDADES. Este ANEXO non será obxecto nin de remisión nin de publicación no Rexistro de Plan unha vez aprobado definitivamente o Plan Parcial.





## CONCELLO DE

### OLEIROS

- Incorporar na normativa as condicións do informe da Dirección Xeral de Aviación Civil de data 30.05.2018 de servidumes aeronáuticas, apartado 4.2 de afeccións sobre o territorio; Sobrevoos a baixa altura: Conveniencia mediante anotación correspondente no Rexistro da Propiedade da afección por servidume aeronáutica nos termos que se cita na páxina 7 do informe da dirección xeral de Aviación Civil e o apartado Outras Consideracións da mesma páxina 7.
- En relación coa adaptación documental as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NTPUG), deberá mellorarse a representación nos planos, xa que falta información nos planos de zonificación que constaba no documento anterior e agora non se explicita: Superficie das zonas de ordenanza, edificabilidade en m<sup>2</sup> e en m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

A fonte dos textos produce algúns problemas de lectura nos planos de ordenación, e deberá estar sempre visible a base topográfica.

Ademais no soporte dixital, ficheiros editables, faltan múltiples referencias para poder visualizar correctamente os planos de información en formato dwg.

- No plano PINFS\_01TOPO recóllese a delimitación do sector sobre plano topográfico a escala 1/1000. Deberá axustarse a edición dos planos PINF-02ORD\_2 e PINF\_02CATASTRO\_2, no cal débense grafiar as superficies dos camiños públicos de titularidade municipal e os 423,49 m<sup>2</sup> da dotación existente que se mantén da AC-190.
- Deberán completarse a posición das liñas de servidume e afección das estradas AC-190, DP5810 no plano INFS\_04IOT\_AFEC.
- Deberán recollese no plano de información PINF\_02CATASTRO\_2 as superficies dos camiños públicos de titularidade municipal e os 423,49 m<sup>2</sup> da dotación existente que se mantén da AC-190.

**SEGUNDO.-** Dilixenciar os documentos PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-4 (Documento R.E. Nº 2020009265 do 20.07.2020) e ESTUDO DE AVALIACION AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-4 (Documento R.E. Nº 2020004663 do 21.04.2020).

**TERCEIRO.-** Someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

**CUARTO.-** Notificar aos titulares catastrais das parcelas do ámbito do plan parcial, e tamén do sistema xeral adscrito na parte correspondente á aportación do SUD-19.

**QUINTO.-** Notificar ao promotor COMISIÓN XESTORA DO SUD-4.

**SEXTO.-** Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado e da Administración autonómica, con remisión dos documentos (Plan Parcial e Estudo de Avaliación Ambiental Estratéxica) en formato dixital e coa advertencia que no caso dos informes autonómicos,





## CONCELLO DE OLEIROS

transcorrido o prazo de 3 meses, entenderanse emitidos con carácter favorable (artigo 75.1.b) da LSG).

- Informe da Delegación do Goberno. (Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas; artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural).
- Informe da confederación hidrográfica de Galicia-costa. (Artigo 25.4 do RDL 1/2001, da Lei de augas, e artigo 22.3 do RDL 7/2015, texto refundido da Lei 2/2016).
- Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. (Artigo 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións).
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas pola estrada AC-190. (Artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014).
- Informe de Augas de Galicia. (Artigo 39 Lei 9/2010 de augas de Galicia, e artigo 43 da Lei 12/2014).
- Informe da Deputación Provincial pola estrada DP-5810. (Artigo 23.2 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e artigo 42 da Lei 12/2014).
- Informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). (Artigo 14 do Decreto 20/2011, de aprobación do POL).
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). (Artigo 14 do Decreto 20/2011, de aprobación do POL, e artigo 50 da Lei 12/2014).

**SÉTIMO.-** Someter a consultas dos seguintes órganos:

- CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
  - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
  - Dirección Xeral de Patrimonio Natural
  - Instituto de Estudos do Territorio
- CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
  - Axencia Galega de Infraestruturas
  - Dirección Xeral de Mobilidade
  - Augas de Galicia
- CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
  - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA
  - Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- ADEGA, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

- SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

